

ANUNCIO**APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA CELEBRACIÓN XXXII ROMARÍA DA
TERCEIRA IDADE****ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL****DATA: 15.04.2025****Artigo 1. Obxecto.**

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables á “XXXII Romaría da Terceira Idade” que terá o lugar o próximo día 10 de maio de 2025.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

Persoas asistentes á Romaría considerando que poderán asistir as persoas que poidan valerse por si mesmas que estean empadroadas no concello e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

O cónxuxe do/a pensionista pode participar inda que non reúna o requisito de idade sempre que veña acompañado/a polo/a pensionista.

Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

XXXII Romaría	20 €/persoa
---------------	-------------

Artigo 4. Normas de xestión.

O pago do prezo público realizarase no Centro da 3ª idade, de luns a venres de 17:00 horas a 21:00 horas do 22 de abril 2025 ao 7 de maio de 2025.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a Romaría.
2. Cando se acredite debidamente a imposibilidade de acudir por causa de enfermidade.

Artigo 6. Lexislación aplicable.

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.